

**DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPTE N°:  
2022/G007/000009.**

**Excmo. Sr. D. Rubén Arroxo Fernández, Alcalde accidental do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO sesión ORDINARIA** do **Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar o vindeiro **xoves, día 28 de xullo de 2022, ás 10,00 HORAS**, de acordo coa seguinte **ORDE DO DÍA**:

1/98 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE MAIO DE 2022.

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**PLANEAMENTO**

2/99 PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL 03 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL VIXENTE, APROBADO DEFINITIVAMENTE DE FORMA PARCIAL POLA ORDE DO 29-4-2011 DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (CMATI), NO ÁMBITO TERRITORIAL DA FICHA L-53 DO SEU CATÁLOGO DE PROTECCIÓN (ESTACIÓN DE FERROCARRIL) PARA A DESCATALOGACIÓN DO EDIFICIO DE CORREOS. APROBACIÓN DEFINITIVA.

**INTERVENCIÓN**

3/100 EXPEDIENTE EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 10/2022.

4/101 EXPEDIENTE EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 11/2022.

5/102 EXPEDIENTE EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM 12/2022.

6/103 EXPEDIENTE EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 13/2022.

7/104 EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO-CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚMERO 2/2022.

**PROPOSICIÓN**

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2540523551379693877.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-7-2022

8/105 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 256/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RECUPERAR O SOBRECUSTO DO AUDITORIO DE MAGOI (Exp. 2022/G004/000606).

9/106 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 258/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUN PLAN TURÍSTICO NA ZONA RURAL (Exp. 2022/G004/000608).)

10/107 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 260/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO ADIQUE UN ESPAZO OU UNHA RÚA Á MEMORIA DE MIGUEL ÁNGEL BLANCO (Exp. 2022/G004/000609).

11/108 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 261/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA PROPOÑER AO GOBERNO DE ESPAÑA A MELLORA DO SERVIZO DE TRANSPORTE POR AUTOBÚS NUN NOVO MAPA CONCESIONAL (Exp. 2022/G004/000610).

12/109 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 262/2022 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE DIVERSAS MEDIDAS A ADOPTAR PARA CONCIENCIAR E COLABORAR COAS PERSOAS CON CELIAQUÍA (Exp. 2022/G004/000611).

### **B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL**

#### **ACTAS E GOBERNO**

13/110 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 15 DE XUÑO DE 2022, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS E CORRESPONDENTES AO ANO 2022 (Exp. 2022/G004/000593).

### **C) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS**

- CONDOLENCIAS POLO FALECIMENTO DO PAI DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D. ANTONIO AMEIJIDE OSORIO

### **ROGOS E PREGUNTAS**

#### **ROGOS:**

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 263/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA UNIR Á REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL AO NÚCLEO DE CHOUSAS VELLAS, NO CARQUEIXO.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 264/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA REPARAR A PONTELLA SITA NA PARROQUIA DE SANTIAGO DE SAA.

Notifíqueseles aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarlo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos/das señores e señoras concelleiros e concelleiras, a partir da data desta convocatoria, nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Alcalde accidental,